

Federación de Anpas Compostela

Rúa Roma, 21


15703 – Santiago de Compostela

anpascompostela@gmail.com

.....pai, nai ou titor/a da alumna ou alumno do centro....., con DNI.....quere facer constar

O total rexeitamento á proba de avaliación individualizada de terceiro de primaria, establecida no artigo 20.3 da LOMCE, porque:

- É innecesario someter aos nenos e nenas a un exame do que os seus resultados non aportarán absolutamente ningunha información máis aló da que se podería conseguir consultando aos seu profesorado. Ninguén mellor que este para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades e dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a súa aprendizaxe.
- Afonda na xerarquización do coñecemento, limitándose a avaliar o ámbito lingüístico e matemático, menosprezando a adquisición doutras competencias, do campo artístico, musical e físico, refusando o ensino da nosa historia e medio natural, e desprezando a nosa lingua, que só serve para ser autoavaliada.
- Esa orientación do curso cara a un exame final incidirá na inclusión da diversidade, xa que aquel alumnado que teña adaptación curricular ou non teña competencia lingüística abonda fará a proba pero os seus resultados non contarán na avaliación do conxunto.
- Despreza o traballo dos docentes, despozándoos da súa capacidade de avaliación do seu propio alumnado e orientándoo a preparación do alumnado para a obtención da mellor nota posíbel na avaliación final, favorecendo a marxinación doutros aspectos educativos fundamentais nesta etapa educativa
- Desprézanos tamén ás familias, que somos consideradas nesta Lei, como elementos externos aos que hai que informar única e puntualmente do grao de adquisición das competencias avaliadas; e non como axentes activos que participamos na educación dos nosos fillos e fillas.



Federación de Anpas Compostela

Rúa Roma, 21

15703 – Santiago de Compostela

anpascompostela@gmail.com

- Responde a pretensión de establecer categorías de centros públicos, de profesionais do ensino e mesmo de zonas xeográficas, coa intención futura de diversificar discriminadamente os investimentos educativos.
- Pretende ir afirmando un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que vai excluindo os sectores máis desfavorecidos da educación.

.....,de maio de 2015

Asdo:.....

CONSELLEIRO DE CULTURA E EDUCACION E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA